

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Traballo e Benestar

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Relacións Laborais

*Resolución de inscrición e publicación do convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña*

Visto o expediente do convenio colectivo do sector de HOSTALERÍA da provincia da Coruña (código nº15000745011981), que foi subscrito pola comisión negociadora o día 27 de xuño de 2013, de conformidade co disposto no artigo 90.º 2 e 3.º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e a Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR ACORDA:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 13 de agosto de 2013.

Xefa Territorial de Traballo e Benestar

MARIA PILAR CARIDAD ALONSO



Convenio de Hostalería da Provincia da Coruña [www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

#### Artigo 1. Ámbito funcional

Este convenio colectivo afectará a todas as empresas e establecementos encadrados no sector de hostalería, ós que lles sexa de aplicación o acordo laboral de ámbito estatal para o sector da hostalería.

#### Artigo 2. Ámbito persoal

Este convenio é de aplicación ás relacións laborais das empresas e traballadores que prestan os seus servizos naquelas encadradas no sector da hostalería, conforme ó que dispón o artigo 1.1 do Estatuto dos Traballadores.

#### Artigo 3. Ámbito territorial

O presente convenio é de ámbito provincial e aplicarase, polo tanto, ás empresas e ós seus traballadores a que fan referencia os anteriores artigos, sempre que estean radicadas na provincia da Coruña .

#### Artigo 4. Vixencia, duración e prórroga

O presente convenio entrará en vigor o día 1 de Xaneiro do 2011, independentemente da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Terá unha duración de cinco anos, ata o día 31 de decembro do ano 2015.

Poderase denunciar por calquera das partes cun mes de antelación, como mínimo, ó datado no seu vencemento. Se non fose denunciado, entenderase prorrogado por períodos dun ano sucesivamente.

No caso de prórroga por un ano, efectuarase un aumento salarial equivalente ó incremento do IPC.

#### Artigo 5. Compensacións e melloras

As melloras que se implantan neste convenio, así como as voluntarias que se establezcan no sucesivo, serán compensables e absorbibles ata onde acaden os aumentos, melloras ou condicións superiores de calquera natureza que, fixadas por disposición legal, contrato individual ou concesión voluntaria, poidan establecerse no sucesivo.

## Artigo 6. Retribucións

Os salarios garantidos e fixos que corresponden ás diversas categorías profesionais serán, a partir da vixencia de este convenio, os que figuran para calquera clase e categoría nas táboas anexas.

Os traballadores que tivesen xa recoñecido o dereito da manutención e aloxamento, incrementaránselle, durante o ano 2013 a 52,99 e 15,00 euros mensuais, respectivamente, os salarios garantidos que figuran nas taboas citadas, sempre e cando non fagan uso de tal dereito. Durante os anos 2013, 2014 e 2015 as devanditas cantidades aumentarán nas mesmas contías cós salarios.

A tódolos efectos entenderanse como salarios reais os garantidos establecidos nas táboas salariais anexas, incrementados co importe de aloxamento, manutención e antigüidade consolidada, en cada caso.

Estos salarios teránse en conta, a tódolos efectos, nas pagas mensuais.

Os incrementos salariais de este convenio durante a súa vixencia serán os seguintes:

\* Para o ano 2011: o 0% sobre tódolos conceptos salariais, salvo a antigüidade.

\* Para o ano 2012: o 0% sobre tódolos conceptos salariais, salvo a antigüidade.

Para os anos 2011 y 2012, non se produce o incremento salarial en compensación co 4,5% que se incrementou a maiores do IPC durante os anos 2006 e 2010 e polo disposto no artigo 4 do convenio colectivo anterior.

\* Para o ano 2013: o IPC real (máximo 1%) sobre tódolos conceptos salariais, salvo a antigüidade.

\* Para o ano 2014: o IPC real (máximo 1%) sobre tódolos conceptos salariais, salvo a antigüidade.

\* Para o ano 2015: o IPC real (máximo 1%) sobre tódolos conceptos salariais, salvo a antigüidade.

No obstante, e dito o que antecede, a parte empresarial comprométese o incremento do IPC, anos 2013 a 2015, no que respecta aos salarios mensuais na súa totalidade para o suposto de que a situación económica mude e mellore, o que se demostrara se o I.B. se actualiza en máis de un 1%.

Como quera que o IPC real de cada ano coñécese no mes de xaneiro do vindeiro ano, para a aplicación dos sucesivos incrementos anuais partírase do IPC previsto polo Goberno nos presupostos xerais do Estado. Os atrasos derivados dos incrementos salariais do convenio poderanse aboar en cinco mensualidades, computándose como a primeira, desde o mes seguinte a publicación do convenio no Boletín Oficial da Provincia.

## Artigo 7. Condicións mais beneficiosas

Tódalas condicións económicas establecidas neste convenio teñen a condición de mínimas, polo que os actos, cláusulas, condicións e situacións actuais implantadas que impliquen condicións mais beneficiosas ás aquí convidadas subsistirán para aqueles produtores que as viñesen gozando.

## Artigo 8. Antigüidade

A partir do 1 de xaneiro de 1999, este incluído, quedou abolido este concepto, sin que desde enton se houberen reportado novos dereitos polo mesmo.

Non obstante, os traballadores que tiveran xerado antes de dita data contías en concepto de antigüidade manterán a cantidade consolidada na devandita data. Dita contía reflectírase na nómina como complemento "ad personam" baixo o concepto de "antigüidade consolidada", non sendo compensable ni absorbible.

A cantidade consolidada de esa forma, sufrirá un incremento anual igual o que experimente o Índice de Prezos ó Consumo, durante a vixencia do presente convenio.

## Artigo 9. Gratificacións extraordinarias

As gratificacións extraordinarias serán tres:

Nadal, xullo e setembro que se aboarán a razón de salario garantido, incrementado coa antigüidade consolidada, manutención e aloxamento no seu caso respectivo.

O abono destas pagas realizarase antes do día 15 do mes correspondente a cada paga, aínda que podrán ser prorrateadas nas doce mensualidades a elección da empresa.

## Artigo 10. Quebranto de moeda

A partires do 1 de Xaneiro de 2007, este concepto queda abolido, sen que dende entón se reporten novos dereitos polo mesmo. Nembargantes, os traballadores que tivesen cerrado antes de dita data, contías por este concepto, manterán a cantidade consolidada na devandita data. A antedita contía reflectírase na nómina como "Quebranto de Moeda Consolidada", non sendo compensable nin absorbible.

A contía consolidada nesta forma, sufrirá un incremento igual ó que experimente o índice de prezos ó consumo, durante a vixencia do presente convenio.

#### **Artigo 11. Horas extraordinarias**

Cada hora de traballo que se realice sobre a duración máxima da semana ordinaria de traballo aboarse cun incremento que nunca será inferior ó 25% sobre o salario que corresponda a cada hora ordinaria, podendo compensarse en tempo de descanso, neste caso, cada hora de traballo equivalerá a unha hora E quince minutos de descanso, sendo a opción de cobrala ou descansala, decisión da empresa en función da carga de traballo e das previsións laborais da mesma. As horas extraordinarias realizadas e que se compensen por descanso, deberán ser compensadas dentro dos 4 meses seguintes a súa realización.

A efectos do cómputo de horas extraordinarias, a xornada de cada traballador rexistrarase diariamente, e totalizarase no período fixado para o abono das retribucións, entregando copia do resumen o traballador e o recibo correspondente.

#### **Artigo 12. Servicios extraordinarios**

O persoal alleo á empresa que realice servicios extraordinarios percibirá as seguintes retribucións

Durante o ano 2011 e 2012:

Persoal de cociña:

\* Xefe de Cociña: 96,88 euros por servicio.

\* Cociñeiro: 75,10.

\* Cociñeiro: 75,10.

\* Cociñeiro: 75,10.

\* Cociñeiro: 75,10

Persoal de comedor:

\* Xefe de comedor: 95,09 euros por servicio.

\* Camareiro: 75,10.

\* Axudante: 75,10.



Cando o persoal extra realice a faena de montaxe, percibirá por iso a cantidade de 5,82 euros durante os anos 2011 e 2012.

O servicio corrente de restaurante ou limoada será retribuído con 2,35 euros de soldo inicial e tanto por cento correspondente garantido de 51,42 euros diarios, durante os anos 2011 e 2012.

Os servicios de esta índole fóra da localidade producirán un aumento do 15 % correspondente, e sendo a cargo da empresa os portes de desplazamento, manutención e aloxamento a que houbere lugar.

#### **Artigo 13. Vacacións**

Tódolos traballadores terán dereito a 30 días naturais de vacacións anuais, podéndose gozar en bloque ou fraccionadas (en períodos mínimos de 7 días cada un).

O período ou períodos do seu disfrute, así como a decisión de gozalas en un período ou máis, fixarase de mutuo acordo entre a empresa e o representante do traballador. No obstante, os traballadores que opten por disfrutar os seus períodos de vacacións en témpada baixa, é decir, nos meses de outubro ata febreiro (ámbolos dous incluídos) e excluíndose deste cómputo as datas de festas sinaladas como o período de Nadal (do 22 de decembro o 7 de xaneiro, ambos días incluídos), ponte da Constitución, entroido..., que son de gran importancia para o sector de restauración e hospedaxe, terán dereito a 7 días máis naturais, acumulables o 30 días naturais anteriores, que se prorratearán en función dos períodos de disfrute e computarán como tempo efectivo de traballo.

No caso de desacordo entre as partes, a xurisdicción competente fixará a data que para o seu disfrute corresponda e a súa decisión será irrecorrible.

Con independencia das vacacións, os traballadores gozarán dos días non laborais legalmente establecidos.

#### **Artigo 14. Xornada laboral**

A duración máxima da xornada de traballo será de 1.782 horas anuais de traballo efectivo, distribuídas en 40 horas semanais de promedio. Tódolos traballadores terán dereito, como mínimo, a día e medio ininterrompido de descanso semanal, si a súa xornada e continuada. No caso dos traballadores que realicen a súa labor en xornada partida, o descanso será de dous días, sendo o seu disfrute en una xornada mínima de 1 día e medio ininterrompido ou de dous días ininterrompidos

a conveniencia do traballador, sempre que as necesidades do servizo o permitan. No caso dos traballadores menores de idade o descanso será de dous días ininterrompidos. Será xornada, continuada nos departamentos de recepción, conserxe-ría, teléfonos, pisos, lencería, administración e contabilidade, sempre en centros de traballo de máis de 50 traballadores.

As horas traballadas durante o período comprendido entre as 10 da noite e as 12 da noite, terán unha retribución específica incrementada nun 1% sobre o salario base, asimismo as horas traballadas entre as 12 da noite e as 6 da mañan, terán unha retribución específica incrementada nun 25% sobre o salario base, salvo que o salario se establecese atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa natureza ou cando exista acordo entre a empresa e o traballador sobre este concepto, ou se acordase a compensación de este traballo por descansos. A xornada dos traballadores nocturnos non poderá exceder de 8 horas diarias de promedio nun período de 15 días. Os traballadores menores de idade non poderán traballar xornadas de máis de 8 horas de traballo efectivo.

#### **Artigo 15. Calendario laboral**

As empresas e establecementos regulados polo presente convenio deberán contar cun calendario laboral no que figu-ren as quendas de traballo, descansos semanais, quendas de vacacións para cada traballador e festas anuais.

Este calendario laboral será realizado pola representación da empresa e os representantes dos traballadores, tendo que quedar fixado antes do 31 de decembro do ano anterior ó que se trate das vacacións, salvo os traballadores que as disfruten nos meses de xaneiro e febreiro que se fixarán dous meses antes o seu disfrute. Mentras que os descansos semanais e demais serán realizados de forma trimestral, sendo este calendario susceptible de cambios por necesidades imperiosas da empresa ou por cambios previamente consensuados entre os propios compañeiros de traballo.

Se establece un banco de horas trimestral de un máximo de 42 horas que se poderá distribuir de forma irregular ó longo deste período, debendo preavisar o empresario o traballador con cinco días de antelación.

Os empresarios deberán facer unha copia, asinada convenientemente polas representacións respectivas, expoñendo nun lugar visible do centro de traballo, para coñecemento de tódolos traballadores, así como copia ós representantes.

#### **Artigo 16. Día da patrona**

Os días 29 e 30 de Xullo, festividade de Santa Marta, consideraranse festivos, para os efectos laborais, con opción por parte da empresa, para poder sustituílos por pagamento metálico ou compensar con outras datas, basándonos na carga de traballo, co fin de mantene-lo normal funcionamento da mesma; a substitución en metálico será a que corresponda ó traballador polo seu salario garantido maila antigüidade dunha xornada normal.

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

#### **Artigo 17. Contratación**

##### a) Contrato de Formación:

Incorpórase ó texto do convenio ó disposto nesta materia no Acordo Laboral Estatal da Hostelería (ALEH). En canto a su retribución acordase que durante tódala duración deste contrato, aboarse ó traballador contratado desta maneira o 85% do salario fixado no convenio para o posto de traballo obxeto da contratación.

##### b) Contrato por esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos:

Para este tipo de contrato acordase que terá unha duración máxima de 12 meses nun período de 18 meses.

#### **Artigo 18. Período de proba**

Nesta materia aplicarase o disposto no Acordo Laboral Estatal da Hostelería (ALEH).

#### **Artigo 19. Porcentaxe de fixos nas empresas**

Establecese como obrigatorio nas empresas a seguinte porcentaxe de traballadores que deberán estar contratados como fixos naquelas, sempre e cando na empresa na que os traballadores no que exercen habitualmente a súa actividade laboral esté aberto ao público un ano:

- \* Empresas de 1 a 5 traballadores: un traballador fixo
- \* Empresas de 6 a 20 traballadores: 40% de traballadores fixos.
- \* Empresas de 21 a 40 traballadores: 45% de traballadores fixos
- \* Empresas de 41 a 55 traballadores: 55% de traballadores fixos
- \* Empresas de 56 traballadores en adiante: 65% de traballadores fixos.

Cando por aplicación da porcentaxe resultase unha fracción, esta completarse ata a unidade tanto por exceso como por defecto. O tope será ata o 0,5 incluído, por defecto.

A vixilancia e o cumprimento do pactado en este artigo será función de comisión paritaria do convenio.

**Artigo 20. Conversión de contratos temporais en indefinidos**

De conformidade coa lexislación vixente acórdase que os contratos de duración determinada, incluídos os contratos formativos, poderán ser convertidos en contratos para o fomento da contratación indefinida suxeitos ó réxime xurídico establecido.

**Artigo 21. Incremento do período legal de descanso nos casos de maternidade, adopción o acoximento**

Nos casos de maternidade, adopción o acoximento, os períodos de descanso prescritos para tales supostos no artigo 48.4 do Estatuto dos Traballadores, incrementaranse a maiores, entodos eses casos, en dúas semanas, o incremento destas dúas semanas, as retribucións correrán a cargo das empresas.

Para ter dereito ó disfrute do beneficio reseñado no parrafo anterior, seran necesarias dúas condicións:

- a.-Solo poderá ser disfrutado polo traballador/a que leve como mínimo, dous anos de permanencia na empresa.
- b.-Unicamente poderá disfrutalo so un dos pais

**Artigo 22. Permisos retribuídos**

Sin perda de retribución ningunha, as empresas, sin aviso previo para os apartados 2, 3, 7 e 8, que a continuación se expoñen, e con un preaviso mínimo de 7 días para os restantes apartados por parte do traballador, con xustificación, concederanse licencias nos casos seguintes e coa seguinte duración que se dá a continuación:

- 1.-Matrimonio do traballador: 16 días.
- 2.-Enfermidade grave, hospitalización, accidente, intervención cirúrxica, morte do cónxuxe, pais, fillos ou familiares ata 2º grao de consanguinidade o afinidade: 4 días.
- 3.-Por nacemento de filla ou fillo, adopción o acogimento: 4 días.
- 4.-Voda de fillos, irmáns, bautizos, e primeiras comunións: 1 día, se é dentro da provincia, e 3 días se é fóra dela.
- 5.-Traslado de enderezo habitual: 1 día.
- 6.-Libre disposición, non acumulable vacacións: 2 días.
- 7.-Polo tempo necesario e con xustificación do mesmo, naqueles casos nos que sexa precisa a asistencia médica do traballador/a por parte dun especialista da Seguridade Social e coincida o horario de consulta coa súa xornada de traballo, debendo estar prescrita a devandita consulta polo facultativo de medicina xeral, estando obrigado o traballador/a a xustificar diante da empresa a devandita prescrición. [www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)
- 8.-Os traballadores afectados polo presente convenio terán dereito a acompañar ó consultorio, tanto da Seguridade Social coma de Centro de Saude privada aos fillos/as menores de 12 anos polo tempo indispensable da consulta, debendo en calquera caso aportar á empresa o xustificante médico de dita asistencia, no que se fará constar a hora de entrada e de saída. Este dereito sólo poderá ser exercido ata un máximo de 12 horas anuais.
- 9.-As traballadoras embarazadas, poderán ausentarse do traballo polo tempo preciso para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ó parto, sempre que xustifiquen a imposibilidade de asistir a ditas probas fora do horario de traballo.
- 10.-As traballadoras por lactancia do fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito pola redución da xornada normal en unha hora coa mesma finalidade. Este permiso poderá ser disfrutado indistintamente polo pai ou pola nai no caso de que ámbolos dous traballen.

A traballadora poderá optar por acumular este permiso de lactancia nun período de 15 días.

**Artigo 23. Excedencia**

O traballador cunha antigüidade na empresa, polo menos, de un ano, terá dereito a que se lle recoñeza a situación de excedencia voluntaria por un período máximo de 5 anos, sen que en ningún caso se poida producir tal situación nos contratos de duración determinada.

Reunirá o traballador as condicións seguintes:

- a) Contar cunha antigüidade na empresa superior a un ano.
- b) A excedencia terá unha duración mínima de catro meses e máxima de cinco anos, concedéndose polo tempo solicitado, en proporción o tempo de antigüidade do traballador na empresa, é dicir, un traballador que leve un ano na empresa podera solicitar o tempo máximo de excedencia, é dicir, catro meses.

c) O traballador que desexa incorporarse ó seu posto de traballo, notificarao á empresa con tres meses de anticipación á data en que remate o prazo.

d) Perderá o dereito a incorporación ó seu posto de traballo todo aquel excedente que, en tal período de tempo, preste os seus servizos por conta propia ou allea en calquera posto de traballo, dentro do territorio nacional, en empresas comprendidas no ámbito estatal para o sector da hostelería.

e) Se a empresa dese emprego a outro traballador para substituí-lo excedente, aquel terá a condición de interino, causando baixa ó reincorporarse o substituído. Se este no se incorporase no prazo e condicións sinaladas, quedaría destituído definitivamente na empresa, adquirindo o interino a condición de fixo.

f) Os traballadores terán dereito a un período de excedencia non superior a tres anos para atenderlo coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción o nos supostos do acollemento, tanto permanente como preadoptivo, a contar desde a data de nacemento o no seu caso da resolución xudicial ou administrativa. Tamén terán dereito a un período de excedencia, non superior a dous anos, para atenderlo coidado dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poidan valerse por sí mesmos, e non desempeñen actividade retribuida.

g) Asemade poderán solicita-la situación de excedencia os traballadores que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior, e mentres dure o exercicio do seu mandato.

h) Para acollerse a outra excedencia voluntaria, o traballador terá que cubrir un novo período de, polo menos, 4 anos de servizos efectivos na empresa.

i) A excedencia concederáse sen ningún dereito a retribución, e o tempo que dure será computable a efectos de antigüidade. O traballador que estea nesta situación terá dereito á asistencia a cursos de formación profesional, para cuxa participación haberá de ser solicitado pola súa parte a empresa, en especial con ocasión da súa reincorporación.

Asemade, durante o primeiro ano de excedencia terá dereito á reserva do seu posto de traballo.

Pasado dito prazo, a reserva referirase exclusivamente a un posto de traballo do mesmo grupo profesional o categoría equivalente.

j) A concesión outorgarase dentro do prazo dun mes a partir da data da súa petición.

#### **Artigo 24. Enfermidade**

No caso de incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, computada en períodos anuais, na primeira baixa percibirase o 100% do salario desde o primeiro día de baixa.

Igualmente, se aboará o 100% do salario desde o primeiro día da baixa, cando esta sexa superior a 10 días.

Estas prestacións manteranse por un período máximo de 12 meses.

Na segunda e sucesivas baixas, caso de producirse e ser inferiores a 11 días, non serán aboados ós tres primeiros días da baixa. A partir do cuarto día se aboará o 100% do salario.

No caso de accidente de traballo, a baixa aboarase co 100% do salario desde o primeiro día durante 12 meses.

Asemade os períodos de enfermidade ou accidente de traballo non se terán en conta para deduci-lo período de vacacións.

#### **Artigo 25. Xubilación**

A xubilación realizarase dacordo coa lexislación vixente.

#### **Artigo 26. Póliza de seguro de accidentes**

As empresas contratarán, para todo persoal afectado por este convenio, un seguro de accidentes durante a prestación do traballo ou "in itinere", de morte o invalidez permanente dos graos de total, absoluta ou grande invalidez, pola cantidade de 24.000 euros para cada un dos casos mencionados anteriormente.

#### **Artigo 27. Póliza colectiva de seguro de vida**

As empresas afectadas por este convenio, virán obrigadas a suscribir unha póliza colectiva de seguro de vida en favor dos seus traballadores, por valor de 12.000 euros.

Esta póliza cubrirá toda-las circunstancias do falecemento do traballador salvo a morte por suicidio.

As devanditas empresas terán un prazo de 4 meses para suscribir este seguro, contados a partir da publicación do convenio no Boletín Oficial correspondente.



**Artigo 28. Plazo de preaviso**

Os prazos de preaviso nos casos de cesamento voluntario dos traballadores serán os seguintes: xefe de recepción, Xefe de administración, encargado do economato e adegas, encargado de traballo, xefe de Cociña, 1º conserxe de día, encargado xeral ou gobernanta, Xefes de restaurante ou sala, cafés- bares, bares americanos, salas de festa: 30 días.

Resto do persoal: 20 días.

O incumplimento deste prazo por parte dos traballadores dará lugar á perda de tantos días de salario e cargas inherentes ao mesmo, como deixe de preavisar

**Artigo 29. Dereitos sindicais**

As garantías sindicais que no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores se establece para os membros do Comité de empresa e delegados do persoal electos enténdense ós candidatos a estes postos durante os seis meses seguintes de celebradas as eleccións as que se presentaron na calidade o condición de candidatos. Recoñecerase a existencia de seccións sindicais das empresas de máis de 50 traballadores así como dos delegados das seccións sindicais que terán os mesmos dereitos e garantías cós membros do comité de empresa.

Os traballadores terán dereito a celebrar as asembleas con carácter ordinario, unha vez ó mes, fóra da xornada laboral e cunha duración dunha hora naquelas empresas que dispoñan dun espazo para o desenvolvemento das mesmas sen interrompe-la actividade dos servizos. Nos demais dereitos estarase ó disposto no Acordo Laboral Estatal de Hostelería (ALEH), Estatuto dos Traballadores, Lei Orgánica de Liberdade Sindical e demais normas complementarias.

O total das horas sindicais mensuais retribuídas recoñecidas legalmente á representación dos traballadores, poderá ser acumulado para o seu disfrute por un o varios representantes, sen rebasar o máximo total, sempre que medie acordo ó respecto da sección sindical afectada, debidamente comunicada á Dirección da empresa, e non supoña grave alteración do réxime laboral da mesma.

**Artigo 30. Roupa de traballo**

Naquelas empresas onde se esixe uniformidade, estas facilitarán a todo persoal un mínimo de dous uniformes anuais (inverno e verán), aboandolles unha cantidade, en concepto de limpeza e mantemento ; no caso de non ser obrigatorio o uso do uniforme, facilitaráselle a tódolos traballadores roupa de traballo axeitada para as funcións que desempeñan.

**Artigo 31. Recoñecementos médicos**

Realizaráselles unha revisión médica anual lo máis completa posible, e que incluíra análises, exploración radiolóxica, auditiva e visual a tódolos traballadores. Dos resultados de dita revisión médica entregáraselle copia ó traballador.

**Artigo 32. Comisión mixta paritaria de vixilancia, interpretación e aplicación**

Para interpretación, aplicación, arbitraje e vixilancia deste convenio, crease unha comisión paritaria integrada polos representantes dos sindicatos UGT, CC.OO. e CIG e os representantes das asociacións empresariais de hostalería de Santiago de Compostela, Ferrol e HOSPECO.

A citada comisión está obrigada a reunirse tantas veces sexa necesario, sendo a sede da mesma nos locais da Asociación Hostalería Compostela, sita na rúa Salvadas, 29, Santiago de Compostela, devandita comisión reunirse unha vez cada seis meses, e no prazo improrrogable de 10 días, a requerimento de calquera dos seus membros, o ben por recibir comunicacións previstas no artigo 35 do convenio sobre aplicación da cláusula de descolgue.

